

Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 14 de xuño de 2022

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 14/06/2022
- II. Asistentes á CGIC do 14/06/2022
- III. Rexistro *R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2020-2021)*.
- IV. Rexistro *R1-DO0202 P1 Promoción das titulacións - Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2022-2023*.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 10 de maio de 2022.**

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:


<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. Informe do Coordinador

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ Comunicacions da Área de Calidade – Enquisas de Satisfacción

- ✓ 13 maio: recordatorio do fin de prazo, informe da participación nas titulacións do centro e solicitude de difusión para aumentar a participación.
- ✓ 25 maio: enviado recordatorio ao alumnado dende o centro (3º graos, 2º máster).
- ✓ 13 xuño: informe da participación xeral comparada coa do curso anterior, ampliación do prazo ata o 10 de xullo e nova solicitude de difusión para aumentar a participación.



Nas titulacións do centro a participación apenas aumentou:

- GEE: 3/16, 18.75%
- GERME: 1/1, 100%
- MUEM: 1/7, 14.29%

➤ Comunicacions da Área de Calidade – Enquisas de Avaliación Docente

- ✓ 24 maio: achegan os datos finais de participación nas **EAD2021**

V09G290V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía	27,18%
V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía	19,38%
V09G310V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	36,10%
V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	19,51%
V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	43,24%

- ✓ 24 maio: achegan os datos de participación nas **EAD2122** correspondentes ao 2º cuadrimestre, pedindo difusión para aumentar a participación. O 25 de maio enviouse un recordatorio ao alumnado dende o centro.
- ✓ 31 maio: achegan os datos de participación nas **EAD2122**, con ampliación do prazo ata o 10 de xuño.

V09G290V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	49	173	28,32%
V09G291V01	Grao en Enxeñaría da Enerxía	77	442	17,42%
V09G310V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	12	38	31,58%
V09G311V01	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	25	104	24,04%
V09M148V01	Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	6	42	14,29%

➤ Comunicacions da Área de Calidade – DOCNET

- ✓ 20 maio: avance sobre a próxima apertura de DOCNET.
- ✓ 25 maio: apertura de DOCNET para os coordinadores das titulacións ata o 1 de xuño (para revisar, detectar erros, asignar competencias a materias...) e comunicación de prazos e consideracións para establecer os calendarios internos dos centros.
- ✓ 2 xuño: inicio do proceso de revisión das guías docentes (titulacións de grao).

- ✓ 9 xuño: inicio do proceso de revisión das guías docentes (titulacións de máster).
- **Comunicacións da Área de Calidade – Programa DOCENTIA**
 - ✓ 23 maio: inicio do procedemento de recollida dos datos da actividade docente do curso 2020-2021; achegan o documento que debe cumprimentar o centro antes do 30 de xuño.
- **Consulta á Área de Calidade – Procedemento de borrado de materias en MOOVI**
 - ✓ 23 maio: achégase dende o centro unha consulta relativa ao procedemento de borrado dos espazos das materias de cursos anteriores en MOOVI, xa que conteñen as evidencias de moitas tarefas de avaliación que poden ser necesarias para procesos de seguimento, acreditación, selo EURACE... Se suxire, ademais, que o lóxico sería mantelos o mesmo prazo que o de conservación dos exames escritos.
 - ✓ 23 maio: Raquel Gandón responde que xa tiñan unha comunicación similar dun coordinador de Máster fai uns meses e que vai consultar que decisión se tomou ao respecto.
 - ✓ 25 maio: Raquel Gandón responde que o responsable dos servizos informáticos aclarou que soamente se borran as copias de seguridade que o profesorado fai en Moovi, e non os espazos das materias. As devanditas copias de seguridade cargan o sistema polo que solicitan ao profesorado que as borre, aínda que eles o fan periodicamente.
- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións PT**
 - ✓ 9 xuño: publicación no Portal de Transparencia do indicador I10-DO GRA.3 duración media dos estudos (curso 2020/21); o indicador foi revisado e está ben calculado.
 - ✓ 13 xuño: achegan información complementaria das titulacións do centro.
- **Rexistros abertos na plataforma do SGIC:**
 - ✓ *R2-PE02 P1 - Informe de responsables académicos* (alerta 31/03/22), á espera de que se publiquen os resultados por centros do programa DOCENTIA quinquenal (14/15 a 18/19).
 - ✓ *R1-DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares* (alerta 15/06/22); soamente procede para o MUEM, indícase que se manteñen os criterios dos cursos pasados.

A Presidenta agradece ao Coordinador de Calidade o traballo realizado.

3. Aprobación, se procede, do rexistro *R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2020-2021)*.

A Presidenta lembra que o 16 de maio achegáronse aos membros da comisión os datos recompilados para o IRPD20/21 (do centro e das 3 titulacións) solicitando valoracións, comentarios e suxestións. Uns días antes desta sesión enviouse o documento completo (ANEXO III).

A continuación comenta a estrutura xeral do informe, que é a mesma dos anteriores, e sinala os seus principais aspectos. Comenta que hai parágrafos marcados en amarelo porque estase pendente de ter resposta a consultas feitas á Unidade de Análises e Programas e á Área de Calidade. A continuación sinala os principais indicadores, comentando os seus datos e facendo unha breve análise de cada un dos epígrafes.

Salienta as carencias das EAD 20/21 proporcionadas pola Área de Calidade respecto ás do cursos anteriores (información sen desagregar por cursos, sen referentes de participacións e resultados por ámbitos ou Universidade...).

Indica que falta incluír no IRPD os resultados da enquisa propia sobre o desenvolvemento do TFG/TFM e propón delegar na dirección a súa incorporación; adianta que os resultados son bos.

Salienta que no GEE os indicadores melloraron en xeral con respecto aos cursos anteriores.

Sinala a oscilación do alumnado do MUEM: depende moito do alumnado que remata as titulacións de grao do centro. Non obstante, os indicadores son bos. Menciona tamén a próxima modificación do plan de estudos.

Comenta que nalgúns indicadores se desagrega por sexos e noutros non polo que podería ser interesante tentar facer unha análise desagregada o próximo curso.

Comenta que xa se incorporaron as suxestións e erratas achegadas por Generosa Fernández e outras atopadas polo equipo directivo.

Finalmente indica as conclusións do informe e os acordos acadados.

Trala exposición por parte da directora do contido do documento ábrese unha quenda de intervencións.

Diego López comenta, por completar a visión dende a empresa, que hai demanda de alumnado en prácticas, tanto do máster como dos graos (no campo da xeración eléctrica e da coxeneración...) e tamén de profesionais. Resulta difícil atopar xente fora do ámbito de Vigo. A presidenta indica que, de feito, os datos inserción laboral son bos, aínda que é difícil ter datos completos. Engade que o recentemente

nomeado coordinador de seguimento das persoas egresadas, Eduardo Liz, empezou a traballar nesa liña. Sinala que non é un problema de empregabilidade se non a asociación que se fai dos estudos ou da profesión con determinados ámbitos. É difícil e require un traballo continuado e persistente e que pasa o mesmo en todos os centros que ofertan o mesmo tipo de titulacións que o noso.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro *R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2020-2021)*, delegando na dirección a redacción final.

4. Aprobación, se procede, do rexistro *R1-DE02 P1 Panel de indicadores do procedemento DE02 Seguimento e Medición.*

A Presidenta sinala que no marco da elaboración do Informe de Revisión pola Dirección non xurdiu a necesidade de modificar o Panel de Indicadores polo que se propón manter o que está vixente na actualidade.

Apróbase a proposta por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do rexistro *R1- DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación* do procedemento DO0102 Seguimento e mellora das titulacións.

A Presidenta sinala que ao non corresponder seguimento externo ou acreditación de ningunha das titulacións do centro, o devandito informe de seguimento inclúese no Informe de Revisión pola Dirección e non procede elaborar un documento específico para o devandito rexistro.

6. Aprobación, se procede, do *Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2022-2023*, que forma parte do rexistro *R1-DO0202 P1 Promoción das titulacións.*

A Presidenta explica que este rexistro está formado por dous documentos: o Plan de promoción para o curso 2022-2023 (ANEXO IV), que foi enviado con antelación aos membros da comisión, e o Informe das accións desenvolvidas durante o curso 2021-2022, que se elaborará no mes de setembro.

Fai unha breve exposición do documento indicando que recolle as actividades que se propoñen para o próximo curso (as habituais e algunha nova). Sinala que foi elaborado por Santiago Pozo, responsable do Plan de Promoción e Coordinador da Comisión de Difusión do Centro, a quen agradece o seu traballo e a súa dedicación á difusión do centro.

Diego López comenta que dende a Plataforma Minería Sostible (PMS) organizaron Ciencia nas Rúas, na que participaron moitos centros de universidades galegas, e que vai insistir en que inviten á escola a participar, que se esqueceron. A presidenta di



que xa se participou anteriormente, que ata se mercou material e se deseñou unha actividade, e que se porá en contacto coa PMS.

Generosa Fernández sinala que no documento falta o Día da Muller e a nena na ciencia (11/02). A presidenta responde que se incluírá na redacción final e propón aprobar o documento engadindo este evento.

A Comisión aproba por asentimento a proposta.

7. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 51 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a catorce de xuño de dous mil vinte e dous.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 14/06/2022



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 14/06/2022

Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 14 de xuño de 2022	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudiantado Egresado
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Diego López González	Representante da Sociedade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado
Elena González Rodríguez	Representante do PDI



ANEXO III

Rexistro R1-DE03 P1 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2020-2021)



ANEXO IV

Rexistro R1-DO0202 P1 Promoción das titulacións - Plan de promoción das titulacións do centro para o curso 2022-2023.